

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA 01/2021 CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 28/01/2021.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Alcalde-Presidente:

Secundino García Casal

Asistentes:

BNG:

María Amparo Calvo González

Manuel Beceiro Couce

Ana Belén Breijo Gundín

Tomás Calvo García

PP:

María Belén Trigo Meizoso

María Esther Díaz Vergara

José Luis Hermida Prieto

PSOE:

Lois Anxo Rodríguez Calvo

Ausentes:

María del Carmen Muiño Filgueira

Manuel Varela Mecías

Secretario-interventor:

Miguel A. Arroyo Moreno

Na Casa da Cultura do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e un minutos do día vinteito de xaneiro de dous mil vinteún, comparecen as concelleiras e concelleiros arriba indicados, en presenza do devandito secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, iníciase a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

I.- PARTE RESOLUTIVA:

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ORDINARIA DO 26/11/2020).

Dase conta da acta da indicada sesión. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación coa acta da sesión ordinaria do 26/11/2020.

A Sra. Trigo advirte dun erro na terceira folla da acta, no sentido favorable do voto do grupo popular sobre a urxencia dun asunto para a súa inclusión na orde do día xa que o sentido do voto foi en contra.

A continuación, coa reserva de corrección do erro descrito, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

Dase conta de seguido polo Secretario da corrección dun erro aritmético detectado na acta da sesión extraordinaria do 13/11/2020, no punto correspondente á aprobación de expediente de modificación de créditos MC12 2020 RGG1 2020, de créditos financiados con remanente de tesourería. No cadro dos investimentos incluídos figura, entre outros, o proxecto de "Reparación de camiños municipais en varios lugares do Concello", cun importe erróneo de 39.100 €, que en realidade deben ser 39.385,43 €. No total dese cadro indícase en consecuencia un importe incorrecto total de 133.692,27 € que, en realidade debe ser de 133.977,70 €.

A Corporación queda enterada da corrección efectuada.

SEGUNDO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA 2021.

Dáse conta do expediente incoado para a aprobación do orzamento do Concello para 2021, que comprende a documentación prevista na lexislación aplicable. Dase conta tamén do contido dos informes de Secretaría e Intervención, cun reparo polo incumprimento do establecido no artigo 18 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para 2021.

O acordo foi favorablemente ditaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O resumo por capítulos do proxecto de orzamento que se ditaminará é o seguinte:

INGRESOS:

| CAPÍTULOS | IMPORTE |
|--|-----------------------|
| 1.- Impostos directos | 786.000,00 € |
| 2.- Impostos indirectos | 20.000,00 € |
| 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 358.000,00 € |
| 4.- Transferencias correntes | 1.478.704,00 € |
| 5.- Ingresos patrimoniais | 1.000,00 € |
| 6.- Alleamento de investimentos | 20.000,00 € |
| 7.- Transferencias de capital | 0,00 € |
| TOTAL | 2.943.704,00 € |

GASTOS:

| CAPÍTULOS | IMPORTE |
|---|----------------|
| 1.- Gastos de persoal. | 1.249.104,00 € |
| 2.- Gastos correntes en bens e servizos | 1.000.000,00 € |
| 3.- Gastos financeiros | 1.000,00 € |

| | |
|-------------------------------|-----------------------|
| 4.- Transferencias correntes | 170.000,00 € |
| 6.- Investimentos reais | 503.600,00 € |
| 7.- Transferencias de capital | 20.000,00 € |
| 9.- Pasivos financeiros. | 0,00 € |
| TOTAL | 2.943.704,00 € |

(...)

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de cinco votos favorables, das concelleiras e concelleiros presentes do BNG, con tres votos contrarios, das persoas representantes do PP e unha abstención, do concelleiro do PSOE, acorda:

1.- Aprobar inicialmente o proxecto de Orzamento xeral do Concello de San Sadurniño xunto cos seus anexos (consonte o disposto no artigo 166 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo) para o exercicio económico do ano 2021, co seguinte resumo a nivel de capítulos da clasificación económica:

INGRESOS:

| CAPÍTULOS | IMPORTE |
|--|-----------------------|
| 1.- Impostos directos | 786.000,00 € |
| 2.- Impostos indirectos | 20.000,00 € |
| 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 358.000,00 € |
| 4.- Transferencias correntes | 1.478.704,00 € |
| 5.- Ingresos patrimoniais | 1.000,00 € |
| 6.- Alleamento de investimentos | 20.000,00 € |
| 7.- Transferencias de capital | 0,00 € |
| TOTAL | 2.943.704,00 € |

GASTOS:

| CAPÍTULOS | IMPORTE |
|---|-----------------------|
| 1.- Gastos de persoal. | 1.249.104,00 € |
| 2.- Gastos correntes en bens e servizos | 1.000.000,00 € |
| 3.- Gastos financeiros | 1.000,00 € |
| 4.- Transferencias correntes | 170.000,00 € |
| 6.- Investimentos reais | 503.600,00 € |
| 7.- Transferencias de capital | 20.000,00 € |
| 9.- Pasivos financeiros. | 0,00 € |
| TOTAL | 2.943.704,00 € |

2.- Aprobar o cadro do persoal funcionario e laboral segundo consta no expediente e na RPT recentemente aprobada polo Concello.

3.- O Orzamento definitivo aprobarase con efectos 1 de xaneiro de 2021, e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais. As modificacións e axustes efectuados no seu caso sobre o Orzamento prorrogado entenderanse realizadas sobre o Orzamento definitivo.

O Orzamento inicial someterase a exposición pública por un prazo de 15 días para os efectos de que podan presentarse reclamacións. No suposto de que non se presentaran reclamacións durante ese prazo, o orzamento considerarase definitivamente aprobado; de non ser así deberán resolverse as alegacións e procederse á súa aprobación definitiva. Unha vez aprobado e aos efectos da súa entrada en vigor, deberá publicarse no BOP o orzamento resumido por capítulos, así como o cadro de persoal.

O Sr. Alcalde explica a proposta e abre o debate da mesma cedendo a palabra ó Sr. Rodriguez.

O Sr. Rodriguez, manifesta que dende o seu grupo botan de menos unha negociación previa polo que o sentido do seu voto será unha abstención. Aproveita para sinalar que hai unha proposta dos presidentes de catro deputacións sobre as axudas do 1% á hostelería e pregunta se sería posible telo en conta.

A continuación ten a palabra a Sra. Díaz que manifesta que o seu grupo municipal leva interesándose pola aprobación dos orzamentos dende principios do ano pasado (ano no que se traballou cun orzamento prorrogado do exercicio 2019). Apunta que o Goberno Municipal sempre sinalou que se estaba traballando neles pero non se chegaron a aprobar. Considera positivo que este ano se vaia a traballar cun orzamento pero insiste en que sería máis beneficioso que se comezara a traballar antes para que o día un de xaneiro xa estiveran vixentes os orzamentos para o 2021. Con respecto ós últimos orzamentos aprobados hai dous anos, aprecian que hai unha redución en investimentos (un 17% cunha cantidade consignada de 232.000 euros menos). Propoñen que dos ingresos aínda non confirmados que non entraron no orzamento se poidan adicar máis a investimento. Apunta que chama a atención o incremento do 9% do capítulo I. Alude que con ese incremento se está a vulnerar a Lei de orzamentos xerais do Estado que non o permite, como así o recolle o informe do Secretario – Interventor. Outro aspecto que lle chama a atención é que non aparece ningunha partida de gastos relativa ó pago imposto por unha sentenza condenatoria e solicita explicación.

Manifesta que o sentido do voto do seu grupo será en contra por non cumprir coa legalidade vixente.

Intervén o Sr. Alcalde nunha quenda de réplica aludindo en primeiro lugar á intervención do Sr. Rodriguez. Asume que é certo que faltou unha negociación sobre os orzamentos pero que, o grupo socialista puido solicitala en calqueira momento. En canto ás axudas do 1% á hostelería, parteu dunha necesidade do sector do turismo que está moi afectado pero non hai nada concretado en canto as cantidades e porcentaxe. O que si existe é un acordo sobre a creación dun fondo entre todas as administracións para dotalo dunha cantidade. A Xunta comprometeuse a darlle rango de legalidade (xa que os concellos non teñen competencia) e matizar as condicións, porcentaxes, cuantías, etc.

En canto a intervención da Sra. Díaz sinala que o ano pasado si houbo orzamentos aínda que non se aprobaran no pleno xa que houbo un orzamento prorrogado. O motivo polo que non se aprobaron no exercicio anterior foi o retraso nos orzamentos do estado, baixas no persoal

municipal e os efectos da paralización administrativa provocada pola pandemia, momento no que existían prioridades máis vitais que os orzamentos. Entre outros motivos, non puideron estar aprobados o 1 de xaneiro porque a persoa titular da Secretaría intervención tivo unha baixa médica e houbo que esperar a ter datos que non se puideron ter con anterioridade.

En canto a alusión feita pola Sra. Díaz, sobre que os capítulos 1 e 2 representan o 75%, considera que está dentro da normalidade. Apunta que a baixada no capítulo de investimento compénsase despois coa solicitude da subvención do POS que se materializará cunha modificación de créditos (xeración de crédito) e que polo tanto non hai tal baixada. Por outra banda, e volvendo ó capítulo I, considera que nos orzamentos hai que consignar a cantidade necesaria para dotar a Relación de Postos de traballo en vigor, que supón a cantidade sinalada. Incrementáronse as partidas destinadas a productividades e gratificacións en 10.000 euros negociado cos representantes dos traballadores (para o que se redactará un regulamento para o reparto desas cantidades) e un fondo de 4000 euros destinado a fondo social e seguro, no que se inclúe a todo o persoal (funcionario e laboral) dentro da idea dunha homologación dos dous tipos de persoal.

Por outra banda, en canto a sentenza condenatoria, puntualiza que non é tal. O que se sinala na mesma é que o Concello ten que pagar unha cantidade a un funcionario expedientado (a cal da a razón ó concello sobre a procedencia do expediente disciplinario pero non na sanción imposta). O problema é que aínda está por determinar o importe que hai que abonar e nese momento consignarase.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por **maioría de cinco votos favorables, das concelleiras e concelleiros presentes do BNG, con catro abstencións, das concelleiras e concelleiro do PP e do concelleiro do PSOE, acorda prestarlle a súa aprobación ás propostas formuladas pola Alcaldía.**

TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO POS21.

Dase conta das dúas propostas da Alcaldía para a participación do Concello nas dúas principais liñas de financiación do POS 2021, favorablemente ditaminadas pola Comisión Informativa competente do Concello e que literalmente din:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A APROBACIÓN DA SOLICITUDE E OS PROXECTOS DO POS+2021

ANTECEDENTES

No BOP nº 205 do 01/12/2020 publicáronse as bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”.

No BOP nº 225 do 31/12/2020 publicouse unha modificación das ditas bases.

Consonte o indicado nas bases, é preciso que o Pleno aprobe as actuacións que se van financiar ao abeiro do programa do plan adicional de gasto social.

Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTAS:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa

totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021", "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento do pago a provedores:

| | Capítulo II | Capítulo VI | Total |
|---|-------------|-------------|-------|
| Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores | - | - | - |
| Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores | - | - | - |
| Subtotal pago a provedores | - | - | - |

B) Financiamento de gastos correntes:

| | Deputación |
|--|--------------------|
| Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 194.130,24€ |
| Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final) | 0,00 € |
| Subtotal gasto corrente | 194.130,24€ |

C) Financiamento de investimentos:

| ACHEGA PROVINCIAL 2020 | Financiamento do investimento | | |
|---|-------------------------------|-----------------|---------------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Pavimentación de camiños en Portolamas, A Curuxa e o Chao de San Cristovo | 33.178,65 € | 649,67 € | 33.828,32 € |
| Ensanche e pavimentación do camiño da Longra a Rioliempo (Naraío) | 46.152,30 € | 0,00 € | 46.152,30 € |
| Ensanche e pavimentación do camiño da Sanguineira á Torre (Bardaos) | 59.832,01 € | 0,00 € | 59.832,01 € |
| Pavimentación do camiño de Lourido a Quintiá | 59.122,83 € | 0,00 € | 59.122,83 € |
| Subtotal investimentos achega provincial 2020 | 198.285,79 € | 649,67 € | 198.935,46 € |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

| Entidade financeira | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda |
|--|--|
| | - |
| | - |
| | - |
| | - |
| Subtotal redución de débeda con entidades financeiras | - |

E) Resumo:

| SUBTOTALS | Deputación | Concello | Total |
|-----------|------------|----------|-------|
|-----------|------------|----------|-------|

| | | | | |
|-----------------------------|--------------------------------------|---------------------|-----------------|---------------------|
| A- PAGO A PROVEDORES | Achega 2020 | - | - | - |
| | Achega 2021 | - | - | - |
| B- GASTOS CORRENTES | Achega 2021 | 194.130,24€ | 0,00 € | 194.130,24€ |
| | Achega 2020 (Excep. Base 2.2) | - | - | - |
| C- INVESTIMENTOS | Achega 2021 | - | - | - |
| | Achega 2020 | 198.285,79 € | 649,67 € | 198.935,46 € |
| D- REDUCCIÓN DÉBEDA | Préstamo 2021 | - | - | - |
| TOTAL | Achega 2021 | 194.130,24€ | 0,00 € | 194.130,24€ |
| | Achega 2020 | 198.285,79 € | 649,67 € | 198.935,46 € |
| | Préstamo 2021 | - | - | - |
| | TOTAL | 392.416,03 € | 649,67 € | 393.065,70 € |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado) | Orzamento |
|---|---------------------|
| ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE RIOLIMPO A O CASTELO (NARAÍO) | 61.127,94 € |
| ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA FRAGUELA A O CASTELO (NARAÍO) | 67.473,69 € |
| ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA FRAGUELA – VILARXÁ – AC-125 | 70.521,97 € |
| SUBMINISTRO DUN TRACTOR PARA SERVIZO CONTRAINCENDIOS | 71.390,00 € |
| MELLORA DA ENVOLVENTE DA CASA DA CULTURA DE SAN SADURNIÑO | 150.790,28 € |
| TOTAIS | 421.303,88 € |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A APROBACIÓN DA SOLICITUDE E OS PROXECTOS DO POS+2021

ANTECEDENTES

- No BOP nº 205 do 01/12/2020 publicáronse as bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”.
- No BOP nº 225 do 31/12/2020 publicouse unha modificación das ditas bases.
- Nas ditas bases xa se inclúe tamén un plan adicional dedicado a gasto social.
- Consonte o indicado nas bases, é preciso que o Pleno aprrobe as actuacións que se van financiar ao abeiro do programa do plan adicional de gasto social.

Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTA:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2021**” da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

| | |
|---|---------------|
| Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios | 117.654,69 €” |
|---|---------------|

(...)

O Alcalde expón a proposta e da comezo o debate do asunto.

O Sr. Rodriguez sinala que o seu voto será a abstención xa que bota en falta a posta en común previa. Aproveita para solicitar do goberno municipal a participación nestes asuntos do resto dos grupos.

A Sra. Trigo sinala que reflexa o orzamento unha diminución do gasto social pero que se compensa cos ingresos da subvención do POS. Considera que no POS social debería haber unha partida para as persoas en risco de exclusión social así coma para a violencia de xénero. Así mesmo, sinala que algunha das pistas incluídas no POS xa foron reparadas hai algúns anos e non entende o motivo polo que non se da prioridade a outras reparacións. Por estes motivos o sentido do voto do seu grupo será a abstención.

O Sr. Alcalde manifesta que o goberno municipal incluíu no POS unha previsión xa que se trata de traballar con metas mais amplias que o ano. Se se amplia o camiño dende Longra a Río Limpo o lóxico é que chegue ata a estrada comarcal xa que é un eixo que vertebra a parroquia de Naraío e o acceso o Castelo. A parte que sinala a Sra. Trigo, que se reparou hai catro ou cinco anos, tocaralle en dous ou tres anos. Con respecto a consensuar as obras cos grupos está de acordo.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por **maioría de cinco votos favorables, das concelleiras e concelleiros presentes do BNG, con catro abstencións, das concelleiras e concelleiro do PP e do concelleiro do PSOE, acorda prestarlle a súa aprobación ás propostas formuladas pola Alcaldía.**

CUARTO.- SOLICITUDE CONXUNTA DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA DOS CONCELLOS DE SAN SADURNIÑO E MOECHE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dase conta da proposta da Alcaldía en relación co asunto, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A SOLICITUDE CONXUNTA CO CONCELLO DE MOECHE DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA AO FINANCIAMENTO DO PROXECTO “ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO ENTRE A CAMBA (DP 7601, SAN SADURNIÑO) E A PONTE DO SUR (DP 4901, MOECHE)”

ANTECEDENTES

Os concellos de San Sadurniño e de Moeche comparten un camiño que comunica ambos os municipios, pola vertente sur do val do río Xubia.

Este camiño enlaza dúas estradas provinciais, a DP 7601 e a DP 4901, e soporta un tránsito elevado, xa que dá acceso ao Castelo de Moeche ou á piscina e á área recreativas de Soutogrande, na banda de Moeche, e á parroquia de Ferreira, na banda de San Sadurniño.

As condicións do camiño, pola súa reducida largura, non son as máis axeitadas para facilitar un tránsito en boas condicións de seguridade.

O estado do firme tamén está deteriorado, e que é preciso realizar unha pavimentación, tanto na parte correspondente a San Sadurniño, como na pertencente a Moeche.

Por estes motivos os concellos de San Sadurniño e Moeche acreditan na necesidade da colaboración entre municipios, e á súa vez coa Deputación provincial, para levar a cabo a obra de mellora dos camiños que unen A Camba coa Ponte do Sur, de Moeche.

Desta maneira contarase cunha vía de calidade e segura, que poderá facilitar a mobilidade entre ambos os concellos, ademais de lograr importantes aforros, por mor das economías de escala, ao facer a obra nunha única intervención.

Neste contexto, en cumprimento da normativa existente, e co propósito de mellorar a seguridade e a mobilidade entre San Sadurniño e Moeche, e no exercicio das competencias legalmente atribuídas, esta

Alcaldía

PROPÓN
1.- Solicitar á Deputación provincial, canda o Concello de Moeche, unha subvención nominativa para a execución do proxecto "Ensanche e pavimentación do camiño entre A Camba (DP 7601, San Sadurniño) e a Ponte do Sur (DP 4901, Moeche)", por un importe de 220.000,00 euros, o cal suporía o 80% do orzamento total da obra que ascende a 275.000,00 euros (IVE incluído).

2.- Facultar ao Alcalde para que faga as xestións precisas, e no seu caso, para que asine o convenio de colaboración con Moeche e coa Deputación provincial, de cara a levar a cabo dita obra."

Esa proposta foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.
(...)

O Sr. Alcalde expón a proposta e abre a quenda de intervencións.

O Sr. Rodriguez sinala que os Concellos asumen o 20% polo que ten a dúbida se cada un asume o custo restante en proporción á extensión do Concello ou se asume ó 50% cada Concello. O Sr. Alcalde apunta que o custo se asume ó 50% por cada Concello.

A Sra. Trigo sinala que está conforme co acordo asumido polos dous Concellos. Apunta que hai outra pista compartida con Moeche (que comunica Lamas con Moeche) e que sería interesante incluír. O Sr. Alcalde apunta que xa está aglomerada na súa totalidade.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por **unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda aprobar a proposta formulada pola Alcaldía sobre o asunto.**

II.- PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO:

QUINTO.- TOMA DE RAZÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O NÚMERO 330/2020 ATA O 14/2021.

Dase conta de que se facilitou ás persoas membros do Pleno a relación das resolucións ditadas pola Alcaldía desde a data da última sesión ordinaria, celebrada o 26 de novembro de 2020.

Non se presenta ningunha moción urxente polo que se pasa ó turno de rogos e preguntas.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos: Non se plantexou ningún rogo.

Preguntas:

A Sra. Trigo plantexa as seguintes preguntas.

1. Publicouse no BOP o padrón do servizo de axuda no fogar. Preguntouse varias veces cantas persoas se atenden. O mes que máis se atendeu a persoas foi o mes de xaneiro do 2020. No mes de abril atendense a 38 persoas dependentes e 10 de libre concurrencia. En novembro atendense a 36 dependentes e 10 de libre concurrencia. ¿A qué se debe a baixada de persoas usuarias do SAF no ano 2020?

O Alcalde sinala que esa pregunta se contestará por escrito para poder contar cos datos necesarios para respostala. Non obstante manifesta que coa pandemia reduciuse o número de persoas atendidas debido a que as familias deciden facerse cargo o atoparse confinadas.

A Sra. Díaz plantexa as seguintes preguntas.

1. ¿O Sr. Alcalde escoita ou oe as propostas do grupo popular e escoitou totalas veces que o PP propuxo establecer axudas a favor de autónomos e PYMES?

O Alcalde sinala que o plan reactiva da Diputación non se levou a cabo por que o propuxera o PP.

2. ¿O Partido Popular propuxo nalgún pleno que se axudara a autónomos e PYMES? O Alcalde contesta que si.

3. ¿O Partido Popular propuxo nalgún pleno que se axudara as familias vulnerables durante a pandemia?

O Alcalde contesta que a Sra. Diaz saberá se as propuxo. Contestaralle por escrito xa que terá que consultar as actas para saber si se propuxo nos termos que indica.

4. No pleno anterior levouse a proposta dun regulamento de tratamento de residuos, que todavía non está publicado na web municipal, ¿en que punto está? xa que aínda non está publicado na web municipal.

O Sr. Alcalde sinala que na semana anterior houbo unha xunta de voceiros e non se acordou publicala polo momento. Na reunión tratáronse distintas propostas para engadir no Regulamento pero non se acordou publícalo xa que neste momento estase a traballar tanto a nivel estatal como autonómico nunha modificación normativa nesta materia.

5. ¿Fixose algo en materia de compostaxe doméstico do Concello?

Hai unha subvención que está pendente de executar por mor da pandemia, xa que en parte consiste nunha campaña de sensibilización que non se pode facer pola limitación de desprazamento.

6. ¿Hai algunha iniciativa para habilitar locais para os grupos municipais como así se dixo que se faría cando se comezara a reparación da casa da cultura?

O Sr. Alcalde sinala que en canto se repare levarase a cabo esa iniciativa.

7. Agora mesmo hai algúns contratos de servizos que non están en vigor e que sen embargo se están a facturar co conseguinte reparo da Secretaría – Intervención, ¿ten pensado o goberno municipal solucionalo?

O Sr. Alcalde sinala que si, e incluso contratos que ni sequera veñen da lexislatura corrente.

O Sr. Hermida plantexa as seguintes preguntas:

1. ¿O Concello ten obriga de atender a un usuario contaxiado con COVID? As traballadoras do SAF non teñen o material de protección suficiente e descoñecen o protocolo que teñen que seguir.

O Sr. Alcalde sinala que a pregunta é inoportuna xa que non se pode negar a atención a unha persoa enferma. O Concello ten un protocolo así como tamén o ten a Xunta. Todas as traballadoras saben o que teñen que facer porque son profesionais.

¿Se vai a dar algunha produtividade ás traballadoras do SAF dado traballo que levan feito durante este ano?

O Sr. Alcalde sinala que no punto primeiro cando se debatiron os orzamentos sinalouse que se introduciu unha nova partida de gratificacións e productividades.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as vinte horas e corenta e sete minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,